

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE ORQUESTRA I-VIII (JAZZ) BILINGÜE

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015 , DO 29 DE OUTUBRO)

CURSO ACADÉMICO 2022/23

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA ORQUESTRA JAZZ I-VIII										
ESPECIALIDADE:	Interpretación							ITINERARIOS:	Jazz	
CARÁCTER:	Obrigatoria							TIPO DE CLASE:	COLECTIVA	
DEPARTAMENTO:	Jazz							XEFE DE DPTO.:	Roberto Somoza	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	Fernando Llorca
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	1,5	
ECTS/CUAD.	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5		
DOCENTES:	NOME E APELIDOS							EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA
	Fernando Llorca									
	Hansel Luis Diez									
	Traugott Graser							tgraser@edu.xunta.es		Mércores de 19:30

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR: Adquisición de hábitos e técnicas que faciliten a práctica da interpretación jazzística na big-band e en diferentes formacións, como ensambles ou conxuntos amplos. Coñecemento de repertorios de diferentes estilos e de repertorios históricos. Fundamento para o traballo das técnicas de ensaio, seccional e xeral. Desenvolvemento de criterios interpretativos, compenetración do traballo colectivo, lectura a primeira vista e capacidade de resposta ás indicacións do/a director/a.	
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Implícitos na proba de acceso.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	A disciplina de Orquesta depende directamente do proceso de aprendizaxe nos distintos itinerarios.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T7, T9,T10, T5
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X7, X8, X11
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI3, EI4, EI5, EI7, EI8,EI9,EI10
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Desenvolver a capacidade da lectura, necesaria para formar parte dunha agrupación de carácter orquestral.	T7, T9,T10, X2, X7, X8, X11, EI3, EI4, E5, E7, EI8, EI9, EI10
Desenvolver correctamente a función das técnicas de ensaio, como método fundamental nunha agrupación orquestral.	T7, T9,T10, X2, X7, X8, X11, EI3, EI4, E5, E7, EI8, EI9, EI10
Desenvolver o traballo orquestral, seccional e xeral, adquirindo a capacidade de resposta e flexibilidade as indicacións do director.	T7, T9,T10, X2, X7, X8, X11, EI3, EI4, E5, E7, EI8, EI9, EI10
Desenvolver o repertorio para gran orquestra ou agrupación, nos diferentes estilos históricos, nos de vangarda e contemporáneos, tratando adecuadamente as súas características estéticas.	T7, T9,T10, X2, X7, X8, X11, EI3, EI4, E5, E7, EI8, EI9, EI10
Desenvolver as necesidades propias e colectivas dos procedementos orquestrales.	T7, T9,T10, X2, X7, X8, X11, EI3, EI4, E5, E7, EI8, EI9, EI10
Aprendizaxe e afondamento dos coñecementos no idioma inglés: tanto do vocabulario relacionado coa especialidade como do vocabulario e expresións xerais. (Só para alumn@s adscrit@s á sección bilingüe.)	T5

4. CONTIDOS (cuadrimestre I a VIII)*		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Lectura e memorización	1.1 Ensaio exhaustivo das capacidades relacionadas coa lectura a primeira vista. 1.2 Análise esquematizado da forma e o estilo dos temas que se van a traballar. 1.3 Control das distintas grafías de interpretación. 1.4 Prácticas de lectura a través dunha profundización nos aspectos propios da interpretación do repertorio orquestral. 1.5 Prácticas de memorización de pasaxes melódicos individuais ou grupais e de estruturas harmónicas cunha alta dificultade técnica. 1.6 Prácticas e estudo individual da memorización de estruturas harmónicas para solos.	Todas
2. Técnicas de ensaio	2.1 Exercicios das capacidades técnicas e auditivas para a obtención da calidade sonora. Ensaio da afinación seccional e orquestral. 2.2 Desenvolvemento, perfeccionamiento e adecuación das técnicas de ensaio ao repertorio orquestral.	Todas
3. Función da sección	3.1 Control da función propia na sección. 3.2 Compenetración do traballo seccional. 3.3 Dominio do resultado da sección.	Todas
4. Repertorio	4.1 Interpretación do repertorio para gran orquestra de jazz ou agrupaciones de distinto formato. 4.2 Diversidad nas épocas dos estilos a interpretar 4.3 Prácticas das capacidades artísticas, musicais e técnicas. 4.4 Traballo gradual do repertorio máis representativo. 4.5 Interpretación dos temas do repertorio de acordo co seu nivel instrumental.	Todas
5. Procedementos orquestrales	5.1 Entendemento, valoración e cumprimento das normas básicas de comportamento dentro da orquestra. 5.2 Indicacións e expresións gestuales do director. 5.3 Anotacións na partitura como medio para recoller os criterios de interpretación do director. 5.4 Estabilización e planos dos registros sonoros. 5.5 Comprobación da afinación. 5.6 Posta en escena do concerto ante un auditorio.	Todas
TOTAL SESIÓNS:		16

*Debido á circunstancia que os contidos desta materia non son consecutivos, os contidos de todos os cuadrimestres son os mesmos.

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Actividades introdutorias: Comprobación inicial para coñecer o estado do momento musical do alumno.	1,5		1,5
Exposición práctico-teórica: Posta en práctica da obra con explicacións teóricas das incidencias da mesma.	1,5		1,5
Ensaio seccional: Ensaio da sección coa presenza do director	7,5		7,5
Ensaio xeral: Ensaio xeral coa presenza do director	13,5		13,5
Práctica individual: Tempo de estudo do alumno adicado a práctica instrumental nas que se inclúe o traballo das partituras de orquestra.		30	30
Traballo xeral: Traballo xeral da orquestra dirixida por un director invitado ou práctica dun alumno de dirección.	3		3
Participación en concertos: Presencia na preparación dos concertos públicos, ensaios acústicos ou probas de son.		6	6
Seminarios e masterclass: Asistencia a seminarios e masterclasses relacionados coa materia de orquestra.		4	4
Actividades complementarias: Audicións de orquestra, reprodución de DVDs de concertos en directo e análise dos memos.		3	3
Asistencia a concertos: Asistencia a concertos públicos.		3,5	3,5
Titorías: 1. Individuais		1,5	1,5
TOTAL HORAS:			75

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA). Nesta materia, a avaliación continua establécese como único modelo de avaliación para a superación do cuadrimestre mediante o indicador que o profesor contrastará para obter o rendemento dos obxectivos, contidos e competencias en xeral.			
Aproveitamento das clases: Dadas as características desta disciplina, a avaliación é continua e integradora. Así, o traballo individual da materia implica un seguimento continuado. Valorarase a actitude, dedicación e atención e participación.	Amosar interese pola disciplina, así como unha correcta actitude na clase, receptiva ás indicacións do profesor. Amosar capacidade para argumentar e expresar verbalmente o seu punto de vista e a comprensión sobre os materiais de traballo.	T7, T9,T10, X2, X7, X8, X11, EI3, EI4, E5, E7, EI8, EI9, EI10	40%
Seguimento diario (Diario de aula): É fundamental considerar o cumprimento dos obxectivos do curso, mediante a observación da madurez na aprendizaxe dos contidos teóricos e prácticos da materia, neste caso adaptados aos diferentes niveis de referencia dos alumnos. Valorarase as destrezas alcanzadas, o nivel de comprensión, a musicalidade, etc., á vez que a produción creativa. Concerto/ os realizados pola orquestra/agrupación ó longo do cuadrimestre	Desenvolver unha excelencia técnica do instrumento propio e de xeito colectivo. Desenvolver un criterio propio e evolutivo. Asimilar e aplicar os conceptos musicais que se tratan no curso. Asimilar o repertorio amosado no curso. Desenvolver con criterios estéticos adecuados o repertorio amosado nas clases, durante o curso, e nos posibles concertos públicos.	T7, T9,T10, X2, X7, X8, X11, EI3, EI4, E5, E7, EI8, EI9, EI10	60%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO) Neste caso, haberá un único exame final.			
Exame final: conforme ao repertorio correspondentes ao cuadrimestre, e contemplando os obxectivos, contidos e competencias en xeral.	Valorarase o conxunto da asimilación e aplicación dos contidos da materia nunha proba individual de interpretación de unha ou varias partituras de orquestra, escollidas dentro do repertorio traballado nas clases ou con repertorio de dificultade similar, escollido polo profesor.	T7, T9,T10, X2, X7, X8, X11, EI3, EI4, E5, E7, EI8, EI9, EI10	100%
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) Aplicarase cando se superen as dúas faltas de asistencia ás clases. Neste caso, haberá un único exame final.			
Exame final: conforme ao repertorio correspondentes ao cuadrimestre, e contemplando os obxectivos, contidos e competencias en xeral.	Valorarase o conxunto da asimilación e aplicación dos contidos da materia, nunha proba individual de interpretación de unha ou varias partituras do repertorio de orquestra de jazz escollido polo profesor.	T7, T9,T10, X2, X7, X8, X11, EI3, EI4, E5, E7, EI8, EI9, EI10	100%
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA. Aplicarase cando non se supere algunha das probas de avaliación pertencentes aos apartados da convocatoria ordinaria do cuadrimestre.. Neste caso, haberá a un único exame final.			
Exame final: conforme ao repertorio correspondentes ao cuadrimestre, e contemplando os obxectivos, contidos e competencias en xeral.	Valorarase o conxunto da asimilación e aplicación dos contidos da materia, nunha proba individual de interpretación de unha ou varias partituras de orquestra, con repertorio tratado nas clases ou con repertorio de dificultade similar, escollido polo profesor.	T7, T9,T10, X2, X7, X8, X11, EI3, EI4, E5, E7, EI8, EI9, EI10	100%
SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:			
Tendo en conta que unha clase de orquestra pode estar integrada por alumnos de diferentes cursos, o procedemento que se aplicará para avaliar a cada un dos alumnos estará en concordancia ao nivel das esixencias técnicas do curso ao cal pertence.			
Cualificarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión de un decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa (Orde do 30 de setembro de 2010, Artigo 13º, apartado 6)			
0-4,9: Suspenso			
5,0-6,9: Aprobado			

7,00-8,9: Notable

9,00-10: Sobresaliente

A Mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada a alumnos ou alumnas que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder unha por cada 20 alumnos/as matriculados nunha materia no correspondente curso académico, non sendo que o número de alumnos matriculados sexa inferior a 20, caso en que se poderá conceder unha soa matrícula de honra.

Observacións: Nos grupos adscritos á sección bilingüe obsérvase o progreso d@s alumn@s coa lingua inglesa que será obxecto dunha anotación no expediente d@ alumn@ ao final de cada caudrimestre.

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
*-----	*-----
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p><i>Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</i></p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p> <p>*No presente curso non hai alumnado con necesidades educativas especiais.</p>

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

Todas as partituras referentes aos compositores nos diferentes estilos e estéticas do Jazz se incluírán dentro do repertorio ademais das obras compostas polos alumnos do departamento nas asignaturas de composición e arranxos.